

TEXTOS ARISTÓTELES. Ética a Nicómaco. Lib. II, 1-2.

Por tanto, as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos unha aptitude natural para recibilas e perfeccionalas mediante o costume. Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolas porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes... por exemplo, os homes fanse construtores construindo casas e citaristas tocando a cítara. Así tamén, practicando a xustiza facémonos xustos, practicando a templanza templados, e practicando a fortaleza, fortes.

(...) Ademais, toda virtude orixínase como consecuencia e a través das mesmas accións, igual que na arte, pois tocando a cítara xorden os bos e os malos citaristas, e da mesma maneira os construtores e todos os demais, pois se constrúen ben serán bos construtores e se constrúen mal serán malos. De non ser así, non faría ningunha falta que alguén ensinara, senón que todos serían de nacemento bos ou malos. Coas virtudes ocorre o mesmo: As accións nas nosas transaccións cos demais é o que fai que uns sexan xustos e outros inxustos; as actuacións nos perigos afacéndonos a ter medo ou a ser valentes fai a uns valentes e a outros covardes.

(...) Así pois, xa que o presente tratado non é teórico coma os outros (pois non investigamos para saber que é a virtude, senón para ser bos, pois doutra maneira sería inútil), hai que investigar o tocante ás accións, como as hai que facer, pois elas son as causantes da adquisición dos distintos hábitos, como xa dixemos. Que hai que actuar de acordo coa recta razón é algo de aceptación común e que se da por suposto. Xa falaremos logo diso e do que é “a recta razón” e que relación ten coas demais virtudes.

(...) Primeiramente, hai que observar que estas cousas [as virtudes éticas] de natural se destrúen por exceso ou por defecto, tal como vemos que ocorre co vigor e a saúde... os exercicios ximnásticos excesivos ou deficientes fan que se perda o vigor. E igualmente, as bebidas e os alimentos acaban coa saúde, se se producen en exceso ou defecto, mentres que se son equilibrados prodúcena, incrementana e consérvana. Así ocorre tamén coa templanza, a fortaleza e as demais virtudes. O que foxe de todo, ten medo e non atura nada vólvese covarde, o que nada teme e se bota a todo, afoutado, o que goza de todos os praceres e non se arreda de ningún, intemperante, e o que foxe de todos, como os rústicos, un insensible. Polo tanto, a templanza e a fortaleza destrúense por exceso e por defecto, e consérvanse polo termo medio.

CUESTIÓN TEXTUO:

1. ¿Por que dí Aristóteles que o texto corresponde a un estudo que *non é teórico*?, ¿por que afirma que *non investigamos para saber que é a virtude, senón para ser bos*?, ¿que tipo de saberes son a ética e a política?, ¿son saberes teóricos ou prácticos?, ¿cal é a diferenza entre este tipo de saberes?
2. ¿Qué é a *acción* da que fala o texto?, ¿cales son as características da acción ou *praxis*?, con outras palabras, ¿que tipo de acción é a acción ética e política?, ¿é posible a racionalidade no ámbito da acción (ético-política)?
3. ¿Que é a *virtude*, da que fala o texto?, ¿cales son as propiedades da virtude, segundo Aristóteles?, segundo Aristóteles, ¿xa nacemos sendo virtuosos?, ¿considera que as virtudes son innatas, como pensa Platón?, en relación a este asunto, ¿que quere explicar Aristóteles co exemplo do construtor e o citarista [guitarrista]?, ¿que aspecto concreto da virtude queda recollido no texto cando se fala de *exceso* e *defecto*?, ¿a que característica da virtude estase a referir Aristóteles cando fala de *termo medio*?

RECURSOS AULA VIRTUAL:

- MAPA CONCEPTUAL ÉTICA-VIRTUDE.
- DOCUMENTO CARACTERÍSTICAS DA VIRTUDE. APUNTES.
- AUDIO VIRTUDE ARISTÓTELES.
- TEXTO INFORMACIÓN ÉTICA-POLÍTICA.